



Os centros adscritos á universidade están vinculados a ela a través dos convenios pertinentes, tendo un réxime de toma de decisións conforme ás súas propias normas internas; se ben no que se refire ó réxime do alumnado e planos de estudos deben someterse ás normas xerais e ás que en desenvolvemento destas dicta a Universidade.

As relacións entre os centros adscritos e a Universidade, xa que esta leva a administración dos expedientes académicos dos citados centros, require dunha regulamentación específica que aclare as competencias propias da universidade e as competencias dos centros adscritos, en ámbitos como o pagamento de prezos públicos, materias de libre configuración e recoñecementos de cursos e seminarios.

No que se refire ó pago de prezos públicos e á consideración destes e conveniente aclarar que os prezos públicos que se devengan a favor da universidade polos alumnos que realizan matrícula en centros adscritos é en concepto de mantemento dos expedientes e recoñecemento dos efectos dos estudos que en ditos centros se imparten, polo que non serán de aplicación as regras que afectan especificamente á matrícula como é o fraccionamento do pago. Por outra banda, cómpre regula-los efectos do impago dos importes de matrícula que os alumnos aboan nos centros adscritos.

Asemade, é conveniente aclarar-la liquidación de prezos que debe realiza-la Universidade no suposto de que alumnos de centros integrados se matriculen en materias impartidas por centros adscritos co obxecto de imputalas á libre elección, e viceversa, alumnos de centros adscritos que formalicen matrícula en materias de centros integrados co obxecto de imputalas como de libre elección ós seus currículos.

Por outra banda, é necesario establece-lo procedemento para o recoñecemento de cursos ou seminarios de libre elección cando sexan organizados polos centros adscritos, ben para os exclusivos efectos do seu alumnado, ben con efectos para todas ou algunha das titulacións oficiais da universidade.

Por todo o exposto este rectorado resolveu:

PRIMEIRO.- PREZOS PÚBLICOS QUE OS ALUMNOS DE CENTROS ADSCRITOS DEBEN ABOAR Á UNIVERSIDADE

O importe dos prezos públicos que se devengan a favor da Universidade pola matrícula dos alumnos en centros adscritos é en concepto de mantemento e xestión dos seus expedientes e recoñecemento das ensinanzas impartidas como oficiais.



Este importe devengarase no acto da matrícula e liquidarase nun só prazo, non sendo susceptible de aprazamento.

O resto dos prezos aboaranse nas contías integras que estableza anualmente o decreto da Xunta de Galicia.

SEGUNDO.- EFECTOS DO IMPAGO

a) Efectos do impago por importe das cantidades que correspondan á Universidade

Neste suposto procederase a instruír expediente requirindo o pago nos mesmos termos e cos mesmos efectos que para os alumnos das titulacións propias da Universidade.

b) Efectos do impago das cantidades que corresponden ós centros adscritos

Antes do 15 de xaneiro, se a anulación afectara ó alumnado matriculado de materias do primeiro cuadrimestre, e antes do 10 de xuño para o resto do alumnado, os centros adscritos remitirán unha relación dos alumnos que contera aqueles que non aboaran na súa totalidade os importes que teñan establecidos, ós efectos de que por parte da Universidade se proceda á anulación da matrícula.

Esta anulación non producirá en ningún suposto a devolución dos prezos públicos que se ingresaran na Universidade.

TERCEIRO.- LIQUIDACIÓN POR MATRÍCULA DE MATERIAS DE LIBRE ELECCIÓN

a) Alumnos de centros adscritos que cursen materias en titulacións propias da Universidade

Sen prexuízo de que poidan devengar algún importe nos centros adscritos, as materias que cursen en centros propios da Universidade liquidaranse poio seu importe íntegro.

b) Alumnos de titulación propias da Universidade que cursen materias en centros adscritos

Neste suposto os alumnos devengarán o 25% do importe da matrícula da materia, que deberá ser ingresada en favor da Universidade, e aboarán nos centros adscritos as cantidades que lles sexan esixidas.

CUARTO.- RECOÑECEMENTO DE CURSOS E SEMINARIOS COMO LIBRE ELECCIÓN

- a) Cursos e seminarios que teñan efectos exclusivamente para os alumnos dos centros adscritos

Os centros adscritos poderán realiza-los cursos e seminarios que estimen pertinentes para os seus alumnos, requiríndose neste suposto a conformidade do delegado da Universidade no centro. Do recoñecemento darase coñecemento ó Rectorado.

Os efectos de que sexan recoñecidos no seu expediente, e unha vez rematado o curso ou o seminario, procederase a expedir unha certificación conforme ó modelo aprobado pola Secretaría Xeral para que se proceda ó seu recoñecemento no expediente. O recoñecemento devengará a favor da universidade o 25% do importe dos créditos de que conste o curso ou seminario.

- b) Organización de cursos por parte dos centros adscritos que vaian a producir efectos en titulacións propias da Universidade.-

Neste caso deberá axustarse ó seguinte procedemento:

1º.- Remisión, con polo menos corenta e cinco días de antelación, ó vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións da proposta, que deberá conter como mínimo os seguintes extremos:

- a) denominación da actividade
- b) breve descrición do contido
- c) responsable académico da súa realización
- d) outros docentes
- e) referencia, de se-lo caso, da sesión da xunta do centro ou consello de departamento en que se aprobou a proposta
- f) método de seguimento e control da actividade e do proveitamento do alumnado
- g) número de créditos (se o único criterio para valora-lo proveitamento é a asistencia, seguirase a ratio 30 horas = 1 crédito)
- h) procedemento de selección do alumnado
- i) datas de celebración e horario


- j) número de estudantes que poden inscribirse
- k) custo de inscrición na actividade
- l) conformidade do delegado da Universidade

2º Por parte do Vicerrectorado darase traslado ós centros da Universidade para que se pronuncie sobre o recoñecemento dos ditos seminarios.


3º O recoñecemento realizarase mediante resolución rectoral conforme ó disposto no Acordo da Xunta de Goberno do 31 de outubro de 1996, e exclusivamente para o curso académico, debendo ser renovado anualmente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.- O disposto no apartado primeiro será de aplicación a partir do curso 1997-98.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 1997



O RECTOR


Darío Villanueva Prieto

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS - SR./RA. DIRECTOR/RA DA E. U. DE TRABALLO SOCIAL - SR./RA. DIRECTOR/RA DA E. U. DE RELACIÓNS LABORAIS DO CAMPUS DE LUGO - SR./RA. DIRECTOR/RA DA E. U. DE ENFERMERÍA DO CAMPUS DE LUGO - SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO - SR. XEFE DOS SERVICIOS INFORMATICOS - SR. DIRECTOR DO COIE - SRES./RA XEFES/FA DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA